

DA VIVENDA RURAL E A PAISAXE Á ESPECULACIÓN

Adela Figueroa Panisse*

"O teito é de pedra. De pedra son os muros/í as tebras./De pedra o chan í as reixas/
As portas, as cadeas, /o aire, /as fenestras, /as olladas, /son de pedra.
Os corazóns dos homes /que ao lonxe espreitan, /feitos están/
tamén/de pedra."

C.E.Ferreiro



© Alberte SR

En Galiza, os núcleos de poboación (antes chamábaselle aldeas) están indisolubelmente incorporados á paisaxe tradicional. As vivendas e os rúeiros forman parte desta axudándoa a definirse como tal. A nosa paisaxe necesita ser defendida cunha Lei que o Presidente Touriño xa anunciou en febreiro de 2006.

Perante ese anuncio, desde ADEGA respondemos definindo o que consideráramos imprescindible para a elaboración desa Lei. Entre outras cousas a resaltáramos a importancia dos asentamentos humanos, como un dos elementos definitorios desta paisaxe. Estes asentamentos corresponden á nosa peculiar maneira de espallármonos polo medio. Ese chamado problema da diseminación da poboación galega que nos fai ter máis de 30.000 núcleos de poboación, non é en si mesmo un problema, mais unha das nosas características que está fondamente ligada ao noso xeito de entender a explotación do ambiente: como medio de subsistencia, como casa, como abrigo.

Está tamén ligada esa diseminación ao que xa definiran os integrantes da xeración Nós, como o *sentimento galego da paisaxe*. Neste sentimento da paisaxe ten moito que ver o noso sentido da estética e da nosa maneira de estarmos no mundo. Particularmente considero que a estética está intimamente ligada á ética e á ideoloxía. Neste sentido a estética e o sentimento da paisaxe, xustifican a idea de que a forma dos asentamentos e as tipoloxías das casas rurais

"Os núcleos poboacionais tradicionais responden a unha máxima rendibilidade das posibilidades do contorno"

xogan un importante papel á hora de dar un reflexo harmónico do contorno.

Falo dunha harmonía que ten unha carga importante de subxectividade. Esa subxectividade persoal e colectiva que afunde as súas raíces fondamente na

cultura, responsábel da transmisión dos valores éticos e estéticos.

Cando ollamos para unha desas casas da terra chá ou dos arredores de Lugo (Castroverde, O Corgo, etc) ás catro augas, como matronas protectoras, resistentes ao tempo e ao clima, atévome a sinalar que espertan unha sensación de equilibrio que é un dos factores máis importantes na definición do sentimento estético.

DIFERENTES TIPOLOXÍAS DE CASA GALEGA

As diferentes tipoloxías das casas galegas responden a unha grande variedade de paisaxes e de condicións ambientais. Cando as habitacións humanas están integradas na paisaxe dando ese ar intermedio entre funcionalidade e acocho de lar, a mestura acaba por espertar o sentimento estético de agrado á vista.

Aínda máis, podemos descubrir as diferentes tipoloxías das casas rurais que foran construídas para dar resposta



ás necesidades vitais. Utilizando os materiais propios da zona. Podemos observar ao viaxarmos polo País, como as casas van mudando e nos van indicando como varían tamén os materiais. A lousa escura da Galiza interior, feita a partir dos xistos metamórficos propios da Galiza oriental (Lugo e Ourense), vai deixando paso á tella vermella, luminosa, da Ulloa, do Deza, das Rías Baixas ou das Mariñas Betanceiras. Os tamaños das casas tamén teñen que ver, tanto coa riqueza da explotación, coma cos tipos de materiais. Construír unha casa con xistos, como é o caso de Lugo, é moito máis doado que construíla con os materiais non foliados de orixe básico e ultrabásicos da Ulloa. Maos de asentar e de esquinar, dan construcións pequenas e algo atachadas. Nas zonas de dominio granítico as casas humildes feitas de rebos, cachotes ou pedra pequena sen tallar, tampouco dan grandes estruturas, por contraste daquelas construídas de pedra labrada ou perpiaño.

Os núcleos poboacionais tradicionais responden a unha máxima rendibilidade das posibilidades do contorno. Normalmente encontramos os agrupamentos ocupando as abas das montañas, deixando os terrenos menos costentos e os inundábeis das beiras dos ríos, para cultivos de horta ou prados de verao. A aldea sitúase, normalmente, entre o monte perigoso e os agros fértiles. Ao abrigo dos ventos pola montaña e ao abrigo dos perigos que poidan vir do monte, nas longas noites de invernia.

Esta situación que describo como típica das aldeas foi así, máis ou menos, durante moitos anos, e define asenta-

mentos ecolóxicos ou de equilibrio co contorno.

A DISEMINACIÓN DESORDENADA

Mais agora xa non é deste xeito. A pesar de que poidamos descubrir esa distribución da poboación baixo a desorde que domina actualmente no

"Actualmente o que resalta é a diseminación desordenada... O bosque achégase ás casas e as casas invaden zonas que tradicionalmente eran de bosque. Os ríos urbanízanse e ocúpense as súas beiras e chairas de inundación así como as xunqueiras..."

noso medio, o que resalta é a diseminación desordenada e a ruptura deste equilibrio estético dos asentamentos.

Todo ten moito que ver coas mudanzas que está a sufrir o mundo rural. Mudanzas nos usos e costumes que están

a abanear todo o noso país. Un mundo outrora dominado pola economía agrícola, fundamentado no que se chama a compañía familiar galega, muda, en moi pouco tempo para un mundo urbano. Sen industria que xustifique ese cambio, despobóase, abandónase e, en definitiva, desorganízase o rural.

O bosque achégase ás casas e as casas invaden zonas que tradicionalmente eran de bosque. Os ríos urbanízanse e ocúpense as súas beiras e chairas de inundación así como as xunqueiras consideradas como solares baratos, e toda a terra, a superficie do noso territorio, comeza a ollarse con outros ollares diferentes aos que se facía nun pasado aínda moi recente. Case todo se divide en urbanizábel, non urbanizábel, e solo para infraestruturas, entendidas estas como vías de comunicación.

Esta mudanza é tan grande, tan radical, que constitúe unha revolución. As escalas de valores que guiaran a vida durante centos de anos deixan de seren válidas. Un territorio que se ordenaba segundo necesidades vitais, sen ningún organismo responsábel dedicado a iso, pasa a desorganizarse por completo, ao mesmo tempo que aparecen organismos que, teoricamente, se dedican á "ordenación do territorio".

Isto trae grandes problemas como o mostraron o pasado verán os incendios transformados en catástrofe, porque non se respectaron os límites que impuña a natureza cando se vive da explotación racional do contorno. Non só foron as plantacións de especies pirófitas, que causaron o problema dos incendios. Tamén foi culpábel o incremento de riscos en que se incorreu por termos levado as casas ao bosque e os bosques até o limiar das casas.



Logo viñeron as grandes enxurradas cobrándose o resto. Estradas que facían de encoros, como en Oia, e ríos enfaixados entre casas e paseos fluviais. Xunqueiras ocupadas por edificios de pisos en vilas pequenas que terían territorio dabondo para se espallar de maneira harmoniosa. Tal foi o caso de Cee, onde a perigosa combinación das montañas queimadas, os ríos constriñidos e tapoados nas súas desembocaduras, ocupadas estas por edificios de pisos ou polo

"Un urbanismo que deixou de ser utilitario para transformarse en especulativo deixa de ser resposta cultural e perde o seu valor ético e estético"

natureza, como se soubo facer até agora, non é gratuito. Cando se di que o urbanismo non pode ser guiado unicamente pola especulación e ocupar todo o espazo do desenvolvemento económico e industrial do País (representa máis do 16% do PIB) estamos sinalando a perda de diversidade de nichos económicos. Estamos dando a voz de alarma ambiental e social.

Un urbanismo que deixou de ser utilitario para transformarse en especulativo deixa de ser resposta cultural e perde o seu valor ético e estético.

Quen ve as masas de casas que se están a construír nas beiras do mar e noutros lugares non pode achar a súa funcionalidade. As aldeas xa non existen. Agora fálase de urbanizacións. A vista non acha harmonía nin sosego na contemplación de lugares outrora fermosos como Miño, Sada, Sanxenxo, Cantarrana (Viveiro), Ribadeo, etc, etc, etc. A perda de identidade maniféstase en todas as actuacións urbanísticas que se levantan en Galiza.

Non sei se estamos buscando unha nova estética que identifique unha ética cultural nova. A min paréceme que os tempos son convulsos e iso móstrase no caos estético en que as casas xa non responden a aquela necesidade básica de acocho e de centro de actividade económica.

Como País deberíamos buscar esa identidade que permita reconecérmolos na estética dos novos núcleos poboacionais. Deberemos recuperar as nosas normas de conduta de equilibrio co medio, para reconciliármolos coa

propio edificio do Concello de Cee, construído en terreno roubado ao mar, no interfluvio, mais unhas chuvias excepcionalmente violentas, deron como resultado un incremento do risco que levou á catástrofe.

Algo insólito en Galiza. Terra de chuva, onde, até agora, "sabíamos chover". Xa o ano pasado en Carnota e Lira tiveron as primeiras inundacións que presaxiaban o desastre deste ano. Os e as ecoloxistas tivemos un sentimento de tristura porque o tempo veu darnos razón. Non somos nin catastrofistas nin radicais. Cando se di que os asentamentos humanos deben respectar as leis da

Terra a quen temos ofendido profundamente.

A Terra está respondendo. As enxurradas descontroladas son o seu xeito de falar. Debemos escoitala coa sabedoría que nos dá a nosa cultura e a nosa ética tradicional. Así recuperaremos a harmonía dos homes e mulleres co medio que foi a nosa tradición que nos conduciu a través dun modelo de desenvolvemento perdurábel no tempo.

**Intervención de Adela Figueroa (Catedrática de IES de Bioloxía e Xeoloxía e Presidenta de ADEGA) nas xornadas organizadas polo Colexio de Arquitectos de Lugo o 3 de novembro de 2006)*

Àngels Barceló
A VIVIR QUE SON DOUS DÍAS.
Sábados e Domingos de 8.00 a 12.00 hrs.

CADENA SER

PASE O QUE PASE
UN PASO POR DIANTE